



## RESOLUCIÓN SOBRE PARTICIPACIÓN EFECTIVA DAS ENTIDADES DE ACCIÓN SOCIAL NOS ÓRGANOS CONSULTIVOS E DE ASESORAMENTO

Mandato Asembleario: EAPN-Galicia

### INTRODUCCIÓN

**Participar** significa “tomar parte en algo, ter parte nunha sociedade ou recibir parte de algo”; participar supón, por unha banda, a **intervención activa** dos suxetos na construción da súa propia realidade, e por outra, unha dinámica de **intercambio** que xere unha mutua **transformación** entre o suxeto e o feito no cal participa. Isto implica tres elementos centrais:

- **Ser parte**, refírese á magnitude e a intensidade da participación, así como a orixe dun compromiso hacia ao que se pertence.
- **Ter parte**, implica asumir un rol, por parte dos cidadáns e cidadás nos escenarios de participación.
- **Tomar parte**, suxire a capacidade de facer e decidir, contar con mecanismos participativos, e ter o dereito a usalos. É dicir, participar non é só estar informado e opinar sobre algo, conleva transformar unha realidade e transformarse coma individuo.

A **Participación Cidadá**, enténdese como tomar parte nas decisións sociais e políticas nun marco territorial concreto. Baséase na **condición de cidadanía**. Isto enlaza coa idea de **Gobernanza** - ou **Goberno Relacional** - entendida como a interacción das **Administracións Públicas** coa **Sociedade Civil** non dende a relación xerárquica, senón dende a relación en **rede**, para garantir eficacia, calidade e boa orientación das políticas públicas, que é o que proporciona ás autoridades parte da súa lexitimidade. Dende a idea de Participación constrúense asemade outras dúas: **Acción Colectiva** e **Empoderamento**.

### Lexitimación política e normativa

O artigo 23 da **Constitución Española**, afirma no seu punto 1. que "Os cidadáns teñen o **dereito a participar** nos asuntos públicos **directamente** ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal."

O artigo 4.2 do **Estatuto de Atonomía de Galicia**, afirma que “Correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e **facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica cultural e social.**”

### Lexitimación política e social

As entidades do **Terceiro Sector Social** son parte fundamental do motor da **Sociedade Civil** nos procesos de: recoñecemento de dereitos, identificación de novas situacións problemáticas ou de risco, mellora no deseño e na modificación de políticas sociais, e esenciais executoras de ditas políticas de xeito estable e continuo. Isto é así porque as súas misións xurden da vontade mesma dos cidadáns que, tal e coma dicíamos, a traveso da **acción colectiva e o empoderamento**, participan na construción e na transformación da Sociedade da que forman parte, exercendo a **condición de cidadanía**.

Polo tanto non é só que os seus membros, colaboradores, e usuarios gocen dos dereitos e deberes que o noso marco constitucional e estatutario outórganos coma cidadáns, senón que ademáis atópanse no centro mesmo da **Gobernanza**.

### PROBLEMÁTICA

Feita introdución pertinente, e trala análise realizada pola **EAPN-Galicia**, Rede Galega de Loita Contra a Pobreza, sobre a fortaleza, vixencia, relevancia ou simplemente existencia dos **órganos consultivos, de coordinación ou de asesoramento** previstos na normativa vixente para diferentes sectores de acción



social, detéctanse as seguintes necesidades:

1.

- cumprir co calendario mínimo de reunións prescriptivas anuais,
- aproveitar o potencial das comisións ou grupos de traballo que se poden conformar en todos eles, requirindo informes dos mesmos para temáticas específicas dentro do seu eido de actuación,
- transparentar os regulamentos de réxime interno, actas, e composición nominal dos membros.

Isto obsérvase, entre outros, nos seguintes órganos consultivos:

1.

- Consello Galego do Benestar, previsto na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia (sen constituír, o prazo era de nove meses trala aprobación da lei de referencia).
- Observatorio Galego da Infancia, creado polo Decreto 184/2008.
- Consello Galego da Inmigración, creado polo Decreto 127/2006.
- Consello Galego das Persoas con Discapacidade, Decreto 8/2004, de modificación do Decreto de creación 300/2002.

Tal e como expresa a definición de Participación, o seu senso e lexitimidade e máis complexa, rica e profunda que a o recoñecemento meramente formal de espazos que sendo importantes non son aproveitados. A participación sobrevive porque realmente se comporta coma un **proceso**, non coma un **medio**; isto enfréntanos á idea de colocar á Participación, dentro do **estructural**, transversalmente, e sobre todo, entender que **ás persoas deben ser centro** de toda actuación.

As entidades de Acción Social traballamos dentro de dito significado, e estimamos fundamental que os poderes públicos, e neste caso especialmente o Executivo, comparta esta visión e actúe en consecuencia.



## PROPOSTAS

A EAPN-Galicia insta así ao Goberno Galego a constituír, convocar, informar, consultar e escoitar aos Órganos Consultivos que en materia social existen ou deben crearse, para incrementar a eficacia, calidade e boa orientación das políticas públicas, e garantir a participación efectiva dos cidadáns e colectivos de Acción Social, que hoxe en día como no pasado, sustentan o pulo da Sociedade Civil nesta materia, non só a traveso das súas estratexias senón tamén a traveso da prestación efectiva de moitos dos servizos sociais que axudaron a consolidar como dereitos.

A EAPN-Galicia, coma Rede Galega de Loita contra a Pobreza que aglutina a catorce entidades de recoñecida solvencia e traxectoria no eido da Acción Social en Galicia, quere: **ser consultada na elaboración do decreto que cree e regule o futuro Consello Galego do Benestar**, así como **asegurar a súa representación no devandito Consello**, canalizando asemade, coma Rede suficientemente representativa, a proposta de membros nos referidos a entidades prestadoras de servizos sociais e asociacións de persoas usuarias de servizos sociais, con personalidade xurídica e capacidade de obrar.

A EAPN-Galicia, estende o anterior requerimento aos Órganos Consultivos mencionados nesta resolución, para que se teña en conta á hora da renovación dos seus membros cando sexa este o caso, ou para que se modifiquen os decretos de designación nominal, incluíndo polo menos un representante da Rede na súa composición e/ou a posibilidade de canalizar a designación de entidades sectoriais proporcionalmente á súa representatividade na Rede. En calquera caso, exhorta ao Goberno Galego a avanzar na ampliación da participación dos colectivos de Acción Social nos mesmos, mediante o incremento das vogalías que en cada caso veñan regulamentadas, coa finalidade de que o carácter precisamente *consultivo* destes organismos non se desvirtúe ou devalúe.

A EAPN-Galicia propón que no marco destes Órganos Consultivos, se substancie unha verdadeira colaboración e se poda descender en cada un dos sectores, da información do nivel estratéxico e plurianual, á información do nivel operativo anual/bienal, valorar a coherencia de dito descenso e poder emitir informe previo e posterior en base ao establecemento e cumprimento de obxectivos operativos e os seus repectivos indicadores.

Máis información: [www.eapn-galicia.com](http://www.eapn-galicia.com)